

O tabú ideolóxico

Bieito Iglesias



Bieito Iglesias Araúxo naceu en 1957 en Ourense. Viviu nesta cidade, no concello de Coles (cos avós mentres os pais emigraban a Suíza) e en Compostela, onde se licenciou en Xeografía e Historia e traballa presentemente como catedrático de Lingua e Literatura galegas. Militou na esquerda nacionalista, experiencia que condensa nun ensaio publicado con outros *autores* (*Catro ensaios sobre o nacionalismo de esquerda*). Tense dedicado á tradución (nove tomos da *Biblioteca Sherlock Holmes*) e ao columnismo en *La Voz*, *A Nosa Terra* e, actualmente, en *Tempos Novos* e *El Correo Gallego*. Por este labor recibiu o premio de xornalismo Blanco-Torres (en *Barcos a pique* recompila unha mostra do seu articulismo).

A súa bibliografía máis salientable cínxese ao campo da narrativa: *Vento de seda* (novela, 1990), *Aventura en Nassau* (relatos eróticos, 1991), *Miss Ourense* (relatos policiais, 1992), *Bajo las más bellas estrellas* (novela, premio Ciudad de Salamanca, 1998), *O mellor francés de Barcelona* (relatos, premio da Crítica galega, 2000), *A vida apoteósica* (novela, 2001), *A noite das cabras do aire* (novela, premio Merlín de literatura infantoxuvenil, 1999), *A historia escríbese de noite* (novela, premio García Barros, 2001), *Amor e música lixeira* (relatos, 2004).

Residuos polinesios

Bieito Iglesias

A encarga de escribir uns folios sobre o tabú ideolóxico pon de principio a cuestión de identificalo, pois, en último límite, todos os tabús obedecen a unha interdición ideolóxica, xeradora de eufemismos que Da Silva Correia clasifica atendendo á seguinte causalidade:

- a) Eufemismo de superstición e de piedade;
- b) Eufemismos de decência e pudor;
- c) Eufemismos de delicadeza e de respeito;
- d) Eufemismos de prudência e megalomania.

Así pois, os tabús que están na base dos circunloquios lingüísticos remiten principalmente á esfera relixiosa, sexual, á hierarquía social e consecuente hipocresía defensiva.

No sentido orixinal do vocábulo –entre indíxenas polinesios– e nas análises de Freud e Mircea Eliade, o tabú asimíllase ao terror cósmico, a forzas misteriosas, ao sagrado, inquietante, perigoso, prohibido e impuro; á ambivalencia afectiva que supón unha loita psicolóxica entre o amor e o odio polo interdito (versión freudiana); á ruptura ontolóxica que pode ser fatal (na visión de Eliade). Esta concepción talvez estea vixente aínda, xunto cos mitos primixenios, en boa parte do globo –desde logo na xeografía maometana– e en sectores idosos e rurais do ámbito occidental. Pero na sociedade de masas do chamado primeiro mundo perdeu vixencia a medida que decaíron as hierofanías. Xulgo que o tabú sexual correu unha sorte semellante á do tabú relixioso. Xa Camus, n' *A caída*, definía a tonalidade da nosa época e circunstancia con esclarecedoras

palabras; *O home contemporáneo? Fode e le xornais*. Antes sentenciara Baudelaire: *A relixión das masas é copular*. De maneira que, excluída a interdición sobrenatural ou sexual, restaría talvez a política, supoñendo que existan entre nós ideoloxías demonizadas (lembramos que para referirse ao demo se acode ao eufemismo: diablo, Perello, maligno...).

Podemos confirmar a suposición, pero, deseguida, sinalaremos o relativismo de tales tabús. Do mesmo xeito que existen menos interdicións sobre a materia escatolóxica no medio rural que no urbano, onde, no entanto, é superior o tabú social, tamén coas ideoloxías cómpre diferenciar contextos culturais e políticos. O comunismo foi considerado “inquietante, perigoso e prohibido” durante moitas décadas en USA, ata onte mesmo, mentres en Europa occidental había partidos legalizados con ese nome e ideario oficial. Por contra, certas versións do feminismo norteamericano (aquele que propón un separatismo de sexos, que considera a erección unha agresión en si mesma, etc) resultaría “escandaloso” en ambientes progresistas europeos. Aludir ao secesionismo nacional, non xa sexual, equivale a mentar a “bicha” en grande parte do territorio español; pero foi aceptado para a implosión do imperio soviético ou na ex Xugoslavia sen maior batifondo. O sistema establecido, ten demostrado, en todo caso, unha extraordinaria capacidade á hora de recuperar e deglutir as disidencias, e os camiños da sublevación parecen estreitos, o que nunca pode ser un pretexto para dimitir das responsabilidades cívicas e da philadelphia, da fraternidade básica e da empatía cos individuos ou colectivos oprimidos.

En lugar de establecer un catálogo de ideoloxías proscritas, precisamente porque o son a título conxuntural e en relación a espazos xeopolíticos cambiantes, examinaremos algúns tabús que xulgamos transversais ou, cando menos, moi xeralizados na sociedade en que vivimos, a da mundialización comercial e o capitalismo *divertente*:

1. A obra do tempo

Os primitivos curábanse da obra do tempo, da decadencia e da caducidade, mediante rituais míticos que renovaban o seu mundo, apelando ao prestixio de todo comezo. Abondaba por exemplo con bañarse nun río e deixar fluír coas augas a roupa vella. Os contemporáneos esconden a cabeza debaixo da asa ou acoden a cirurxía para eliminar toda reminiscencia.

A lectura d’ *As flores do mal*, a paseata co *flâneur* baudelairano polo París decimonónico –a única megápole, de par de Londres, na

altura-, permítenos fixar o momento en que a grande cidade e a idiosincrasia resultante obraron esta mudanza fundamental: da palabra á imaxe, da memoria á sensación. O transeúnte descoñecido olla pero non fala cos demais pasantes (como moito, pode inventarlle biografías imaxinarias, ao modo d' *O home da multitude* de Poe, *voyeur* do xentío desde a trincheira dun café); xulga aos outros polo feito, é unha sentenza dos sentidos baseada en probas físicas: a roupa, o tocado, o aceno... porque carece de referencias e descoñece o pasado, o repertorio de lembranzas –isto é, a identidade– daqueles que cruza nos paseos. A cidade representa, para ben e para mal, o triunfo do espazo sobre o tempo.

Da ocultación da memoria, levada a extremos apoteósicos polo mercado capitalista (fundado na data de caducidade das mercadorías, das tendencias e modas culturais, inimigo da permanencia de mobles sólidos e de libros que ocupen máis de quince días os trinqués), derivan varios tabús, coma tal o da morte ou o da vellice. Herbert Marcuse escribiu –*en Eros e civilización*–: *O home pode morrer sen angustia se sabe que o que ama está protexido da miseria e do esquecemento*. Desta tarefa encárganse presentemente certos gremios profesionais: os peritos da industria funeraria e os expertos psicólogos enviados polas autoridades alí onde houbo mortalidades catastróficas, coa encomenda de axudarlles aos familiares dos finados a –impagable expresión técnica, pericial– *elaborar o dó*. A loita contra o tempo foi liderada por artistas do *temps retrouvé* (Proust) e mesmo por revolucionarios: *O desexo de rachar a continuidade da historia pertence ás clases revolucionarias. Esta conciencia afirmouse a si propia durante a Revolución de Xullo. Na tardiña do primeiro día de loita, en distintos sitios, simultánea pero independentemente, fixéronse disparos contra os reloxios nas torres de París*. (Walter Benjamin). Hoxe, tal combate líbrao o mercado coa súa promesa de eterna mocidade (xuvenilismo), coa súa necesidade de dirixirse a públicos desapegados do pasado, pois este é mercadoría avariada que impide a aceleración do consumo e interrompe os ciclos das modas, quere dicir dunha morte a prazo fixo, cada tempada primavera-verán e outono-inverno. Que sería da industria discográfica sen a renovación xeracional?, e do comercio cosmético sen as revistas de tendencias que imponen efémeros ditados (metrosexual, tecnosexual, etc) ligados a un negocio colosal?, e das novas tecnoloxías sen segmentos de idade receptivos ás novidades? O xuvenilismo estigmatiza a memoria, a cousa de vellos, invocándoa se cadra como simple ritual compensatorio (Anos da Memoria e así), pero desmentíndoa mediante a anulación dos signos externos de vellice, grazas a expedientes como a dietética –a acumulación de

graxa denuncia unha restrá longa de anos-, a ximnástica ou a cirurxía estética. Asístese a un movemento que parece ter como lema unha cantiga de *Los Sírex* (*¡Qué se mueran los feos!*), no entanto a consigna é: Morra o conto de vellos, morra a morte morrida! Procúrase que os nenos non vexan os cadáveres dos parentes falecidos e pais hai que só lles permiten ver debuxos animados *brancos*, exentos de traxedia, do mesmo xeito que se expurga a literatura infantoxuvenil das *crueldades do mundo*. Contodo, a violencia, os morticínios, as carnificinas entran cada día polo televisor; porén é imposible que tal cascata de eventos descontextualizados e banalizados pola repetición esperten no telepaciente un auténtico sentimento de compaixón: *Parados contando as súas penalidades, negros das townships de Suláfrica, curdos perseguidos e nenos prostituídos entremean as súas voces trazando unha configuración improbable. Como concibir xuntas todas estas traxedias, sen relación unhas con outras? (A tentación da inocencia, Pascal Bruckner)*. Antes espertan a hipocresía: *Por que unha autora que pon o seu heroico dedo nas máis sanguinentas feridas sociais, describindo sen temor a morte por fame dunha familia operaria, por que, pregunto, ela nunca ousaría fugar no seu oído en público co mesmo dedo? (Ferdydurke, Witold Gombrowicz)*.

2. O anonimato

A sociedade occidental ten sido descrita como un movemento de masas democráticas en ascenso. Noutras palabras, como un universo rexido pola arte de medrar. As xentes achan que na insignificancia social, na existencia anónima, hai unha *terribilitàà*. O antigo concepto de fama, reservado a próceres dos estados, a luminarias da ciencia e das artes, democratizouse. A ciencia encontrou unha forma demótica na tecnoloxía (un señor cun teléfono móbil cre participar dos arcanos desvendados por Edison); a política, a literatura e a música conéctan coas masas a través da vedettización, da telexenia. Pero as masas reclaman mobilidade, interactividade, ocupar espazos na tele-realidade. A sona xa non se fundamenta no traballo solitario e orgulloso, aquel bestiario de Flaubert (*O orgullo é unha fera que mora nunha cova do deserto, mentres a vaidade é un loro*) resolveuse a favor das aves psitaciformes, a hexemonía destes volátiles é ogano incontestable. *A fama ten a súa orixe nun dos sentimentos constitutivos da especie humana: a tendencia á admiración que, levada ás últimas consecuencias, toma o nome de fanatismo ou feiticismo (Recherches sur l'art de parvenir. Maurice Joly)*. O mesmo autor subliña a superioridade dos talentos medianos, en orde a obter o

suceso. É boa verdade, especialmente na era da mundialización comercial. O mercado é, por definición, unha instancia anticanónica, inimigo da excelencia, precisa que toda mercadoría poda ser encumiada e degradada aleatoriamente ou –en palabras de Félix de Azúa–. *converter a merda en ouro e o ouro en merda*, a capricho das necesidades, dos nichos de mercado ou novos xacementos de negocio que xurdan. Os restroballos do mandarinato intelectual, as elites artísticas aínda se defenden con protestos e latinorios (*margaritas ante porcos*); nada disto evitará que os marráns reclamen a súa comida na maseira.

3. A diferenza

Nunca tanto se falou de diversidade, multiculturalismo, etc, e xamais houbo un consenso social maior sobre os peares da vida colectiva, coa posible excepción do período barroco, a primeira sociedade de masas da historia. No barroco o consenso gravitaba sobre a monarquía absoluta e a Contrarreforma; as actualidades imponen no seu canto o consumismo e o individuo insular, irresponsable ou infantilizado. Con efecto, ninguén ten culpa de nada intramuros da citania occidental. Desde nenos somos descargados dese peso que antes nos achombaba como a burros baixo a fardica. Os viciosos son exonerados co expediente de decláralos doentes: ludópatas, sexoadictos... O matonismo nas aulas atenúase cun barallete pedagóxico confuso (conduta disruptiva). O opresor carece de face (a diferenza do Deus das Tempestades bíblicas, que se manifesta no Salmo 27: *Busca o meu rostro!*), ocúltase baixo o espectro exculpatorio do *sistema*; en tanto que o oprimido se escoa de calquera responsabilidade apelando ao vello mito do *año degolado* portador da Salvación: as vítimas da inxustiza, precisamente por selo, poden perpetrar calquera falcatrúa sen temor a un xuízo moral.

Volvendo ao rego da diferenza, parece claro que, entre nós, perdeu ensulla o ideal de ser diferentes para sermos existentes. A globalización ignora aquela sentenza inapelable de O. Henry: *Adán e Eva foron os primeiros e os últimos cidadáns do mundo*. Os campións de Babel, que desafiaron a soberbia divina pretendendo alzarse á estatura de Deus, e que desafiaron igualmente a lingua única dos animais que só coñece variacións de especie –orneo universal, latido de can cosmopolita–, pugnando por safarse desa escala zoolóxica, serían vistos hoxe como rompepraceres (*aguafiestas*) e inimigos da comunicación *pechados nos seus cárceres identitarios cainitas*, por usar palabras lidas un día si e outro tamén nos grandes diarios capitalinos, *El Mundo, El País*... Pensadores hai e bastante locuaces,

que denuncian a insolidariedade de pobos obstinados en falar idiomas de dous ou tres millóns de usuarios. Ah, eses condenados finlandeses ou noruegueses, que se resisten a substituír a parla local por unha hiperlingua! Os malditos portugueses que se independizaron dúas veces dúas da España (xa é teima!) e, asombrosamente, nunca pediron o reingreso.

Mais non se trata só de diversidade étnica, nos nosos ámbitos estréitase tamén a diferenza cultural e idiosincrática de clase, de paso que aumentan ou se manteñen en semellante proporción as desigualdades económicas. *Os raparigos subproletarios –humillados– tachan do seu carné de identidade a cualificación do seu traballo para substituíla pola de “estudiante”. Desde que empezaron a se avergoñar da súa ignorancia comezaron tamén a desprezar a cultura (característica pequenoburguesa que adquiriron de sotaque por mímese). Se os subproletarios se aburguesaron, os burgueses, paralelamente, subproletarizáronse. A cultura que eles producen, sendo de carácter tecnolóxico e estritamente pragmático, impide o desenvolvemento do vello “home” que aínda existe dentro deles.* (Escritos corsarios, Pier Paolo Pasolini).

Ata aquí un repaso a algúns tabús desta hora e lugar, efectuado por un suxeito que rexeita os eufemismos de delicadeza que pudesen corresponderlle (discapacitado, coma tal), e que adopta sen melindre o seu feitío descrito pola linguaxe tradicional, valleinclanesca, co exacto termo de *baldadiño*.